

COMPOSTELAXOVE 2010. Programa de voluntariado:

Departamento de Xuventude
CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENIL MUNICIPAL O ENSANCHE

Frei Rosendo Salvado, 14-16

Tel.: 981 543 001


Fax: 981 543 002

dptoxuventude@santiagodecompostela.org

999.santiagodecompostela.org

Desenho: Jorge Ageitos

COM POS TELA XOVE 2010



CONCELLO DE
SANTIAGO

Concellaría de Xuventude e Festas



XUNTA
DE GALICIA



VOLUNTARIADO
XACOBEO 2010




igaxes3

instituto galego de xestión para o terceiro sector



PROGRAMA DE VOLUNTARIADO

COMPOSTELAXOVE 2010

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO

- A colaboración estable ao longo de todo o curso escolar entre o servizo de Xuventude do Concello de Santiago e os colectivos Don Bosco, IGAXÉS 3, o Club “Só lles falta falar” e Xeneme Intervención Social, permitiunos desenvolver o programa INFORMAXOVE en todos os centros de ensino de secundaria de Santiago. O programa INFORMAXOVE pretende, mediante a itinerancia por cada instituto de secundaria, dar a coñecer as accións dos colectivos e empresas do terceiro sector que orientan o seu traballo cara a xuventude nos seguintes temas:

Voluntariado 010 / Educación Afectivo-Sexual / Adolescencia e cidadanía / Programa Europeo Xuventude en Acción.

- Este achegamento á xuventude compostelana tiña como segundo obxectivo constituír un grupo de VOLUNTARIADO que ao longo dos meses de verán e coincidindo cun ano tan referencial para a nosa cidade como é a celebración do ano Xacobeo 2010, realice un conxunto de tarefas que ao longo deste tempo permita a consolidación dun labor de voluntariado dos xóvenes participantes nesta iniciativa. De maneira resumida consideramos como prioritarias as seguintes accións de voluntariado:

- **Información para os diferentes colectivos xuvenís que peregrinen a Santiago a través de centros de ensino, institutos, asociacións xuvenís ou outras entidades.**
- **Orientación e asesoramento a xóvenes inmigrantes que favoreza a súa vida cotiá na cidade, coa pretensión de favorecer a súa integración social.**

- **Apoio aos labores organizativos e de desenvolvemento de eventos culturais ao longo dos meses centrais do Xacobeo.**
- **Servizo de información a persoas que viaxen á nosa cidade con animais de compañía.**
- **Outras iniciativas que vaian xurdindo e que sexan de interese para a actividade do voluntariado.**

- Ao longo dos meses de xullo, agosto e setembro, o grupo de voluntarios e voluntarias participantes neste programa percorrerán as rúas de Santiago de Compostela prestando a súa colaboración a quen llo solicite, ademais de participar na organización e o desenvolvemento de todo tipo de actos e eventos coas funcións que se lles encomende.

DESTINATARIOS

Mozos e mozas de Compostela, a partir de 16 anos.

DURACIÓN

Meses de xullo, agosto e setembro do 2010.

O desenvolvemento deste conxunto de iniciativas de voluntariado é posible pola colaboración establecida coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia quen ao longo dos 9 Camiños de Santiago desenvolve tamén unha iniciativa para que participen todos os voluntarios e voluntarias previamente inscritos, que informarán das actividades, visitas ou servizos que se realizan en cada unha das zonas determinadas e para o que podes consultar a páxina www.voluntariadogalego.org